

CUESTIÓN RELEVANTE PARA OS/AS COORDINADORES/AS DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DO PLAN DIXITAL Á HORA DE REXISTRAR O SEU CENTRO NO SELFIE:

Dentro de cada etapa de rexistro e configuración do SELFIE, é importante ter en conta as seguintes consideracións:

Etapas 1. Rexistrar o centro educativo

- Recoméndase utilizar unha conta de correo oficial, por exemplo a conta corporativa do centro

Etapas 2. Activar a conta desde a ligazón enviada ao correo

- Hai 48 horas para activar a conta, se non se fai antes no propio correo aparece unha ligazón para volver a facer o proceso desde cero

Etapas 3. Seguridade da conta (establecer contrasinal)

- Recoméndase que sexa o coordinador do centro o que garde o contrasinal

Etapas 4. Datos do centro (iniciar sesión como coordinador/a de centro)

- Premer en perfil de centro. Seleccionar idioma galego (desta forma os cuestionarios xeraranse en galego)
- Existen campos obrigatorios que son os marcados con *. Os demais campos son opcionais e axudarían a obter unha mellor descrición do centro

Etapas 5. Seleccionar os niveis educativos (en configurar)

- Deberemos configurar SELFIE para diferentes niveis educativos, segundo as necesidades do centro
- Os centros de infantil seleccionarán primaria e no número de alumnado poñerán un número (non permite deixar 0) aínda que despois non fagan o cuestionario (o SELFIE está recomendado para alumnado de 9 ou máis anos durante o período de autoreflexión)
- Canto profesorado se invitará a participar neste exercicio? Os que leven alomenos un curso no centro

- O profesorado membro do equipo directivo cumprimentará dous cuestionarios, un como membro do equipo directivo e outro como membro do profesorado

Etapas 6. Personalizar os cuestionarios

- Poden engadirse preguntas opcionais, xa predeterminadas pola aplicación, e preguntas creadas. Deben redactarse de acordo coa escala de respostas establecida, do 1 ao 5

Etapas 7. Seleccionar as datas e ligazóns

- O período de autoreflexión será dunha semana como mínimo e tres como máximo, pódense seleccionar datas ubicadas entre 1 e 3 semanas desde que se xeren as ligazóns
- Antes de seleccionar as datas ter en conta que segundo a resolución haberá que facer un SELFIE no centro no primeiro trimestre e que se recomenda que o alumnado de menor idade complete o cuestionario nunha única sesión como actividade de clase con un/unha profesor/a
- No momento que se xere a ligazón non se poden cambiar nin as preguntas, nin as datas etc.

Etapas 8. Acceso ás ligazóns

- Para o alumnado habería que buscar algunha forma de compartirlle as ligazóns (na aula virtual do centro, por exemplo) e levalos á aula de informática en período lectivo

Recomendacións xerais:

- A realización do cuestionario é anónima, polo que non se gardan as respostas si se abandona durante máis de dúas horas. Se se pecha o navegador tamén se perde a información contestada ata ese momento
- Para obter o certificado de realización do test non se pode saír do navegador porque é anónimo, o certificado xérase cando se envían as respostas
- O centro pode solicitar unha "open badge" (insignia aberta) por formar parte do proxecto SELFIE
- As respostas poden darse desde smartphones, tablets ou Pcs
- Os membros do equipo directivo e do profesorado que traballan en varios niveis educativos, por exemplo, en primaria e a primeira etapa de secundaria, terán que cumprimentar un cuestionario para cada nivel